CASO ÚNICO EN ESPAÑA
A Xunta rexeitou facilitar datos para o mapa estatal e será a universidade a que faga o traballo

O MINISTERIO DE XUSTIZA MOSTROUSE "MOI INTERESADO" POLO SEU TRABALLO

O proxecto 'Nomes e Voces' confía en acadar financiamento estatal

A Xunta reduciu o ano pasado un 90% a partida destinada a esta investigación da USC

D.P/M. SEQUEIRO
GALICIA
galicia@xornaldegalicia.com

O Ministerio de Xustiza está "moi interesado" no traballo realizado polo proxecto galego *Nomes e Voces* e xa manifestou a súa intención de darlle financiamento dalgún xeito, a través das distintas liñas de axuda estatais, ou incluso a través dun convenio específico.

O proxecto de investigación *Nomes e Voces*, un referente a nivel nacional no tocante á recuperación da memoria histórica, obtivo o ano pasado 200.000 euros menos de financiamento, tras a redución orzamentaria de máis do 90% aplicada pola Xunta, xa que a iniciativa contaba antes con 230.000 euros anuais. Este feito provocou que os investigadores do proxecto non puidesen continuar cos seus estudos sobre a represión a épocas posteriores a 1939, malia que a intención do proxecto era chegar ata o ano 1975. "Non poderemos seguir acadando datos dos anos 40 ata a actualidade", sinalou un investigador do proxecto.

Mentres seguen pendentes dunha reunión coa Xunta –en concreto do director xeral do Libro, Francisco López-Barxas, que é quen agora se ocupa das cuestións de memoria histórica, despois do cambio no organigrama da Consellería de Cultura– para ver se é posible ter algunha subvención para este ano, os membros do proxecto de investigación van presentar un informe ao Ministerio en busca de apoio para poder ampliar a súa investigación.

Polo momento, son o único caso deste tipo de colaboración co Estado no mapa de fosas, xa que no resto das comunidades que ofrecen datos para a compilación a nivel estatal a cooperación estableceuse directamente cos Gobernos autononómicos.

En todo caso, ademais da colaboración con Ministerio de Xustiza, tamén houbo sempre unha "receptividade total" a Nomes e Voces por parte do Ministerio de Cultura, aparte de que concorrerán este ano, como o anterior a liña de axudas do Ministerio de Presidencia. Polo momento, aparte deste apoio estatal, a Deputación de Lugo, en concreto a súa Vicepresidencia primeira é a única institución que comprometeu cartos para seguir mantendo o proxecto este ano. ■



Memorial polos represaliados na Coruña AMADOR LORENZO

FIN Á DIXITALIZACIÓN DE FOTOS ANTIGAS

Coa redución da partida, 'Nomes e Voces', que o ano pasado organizou un congreso internacional de historiadores sobre a memoria da guerra, limítase a manter a súa páxina web e aos investigadores. A Consellería de Cultura xustificou no seu momento a redución orzamentaria na "austeridade" e nos gastos previstos para o Xacobeo. Aínda que a Xunta valorou o "importante traballo realizado" e apostou por "manter o proxecto", o gasto en investigación foi suprimido, poñendo fin ás viaxes aos arquivos de fóra da comunidade e á dixitalización de fotografía antiga. Aínda así, o prestixioso proxecto interuniversitario levou a cabo a iniciativa do mapa de fosas na súa páxina web, de libre acceso para os interesados.

UNHA WEB ACTIVA

O Proxecto Interuniversitario 'Nomes e Voces', con sede na Universidade de Santiago de Compostela, ofrece na súa web os resultados da investigación que sobre a represión franquista está a desenvolver desde o ano 2006, baixo o bipartito. O portal, desenvolvido pola empresa A Navalla Suíza, ofrece un contido estruturado tematicamente, ofrecendo á comunidade científica e ao público interesado unha ferramenta de pescuda e interpretación histórica sobre represión franquista que converte á web nun referente estatal entre outras iniciativas culturais dedicadas a este tema. O sitio ofrece un importante arquivo de sons das entrevistas e fotos dos represaliados cedidas polas familias. A páxina tamén permite ao público visitar unha base de datos oral que acompañará a moitos dos nomes, publicados como vítimas da Guerra Civil e da represión. Segundo o investigador principal de 'Nomes e Voces', o catedrático de Historia Contemporánea da USC Lourenzo Fernández Prieto, a web "está moi pensada para estender a investigación co 'feed-back' dos usuarios". Ademais, diversas asociacións relacionadas coa investigación histórica colaboran desde hai tempo na elaboración dos contidos da páxina, que agora terá o atractivo engadido de contar cos mapas nos que se reflectirán as fosas e os cemiterios nos que a presenza de represaliados está "verificada e demostrada", explican fontes do proxecto. En verán, os que así o desexen poderán acceder a estes mapas agrupados por temáticas de forma totalmente gratuíta.

apartado remite a lugares "dotados de especial significación simbólica no eido da represión franquista", indicou Pereira. Tal e como explicou, "ás veces se misturan eses tres aspectos, xa que un enterramento pode ser un lugar de memoria, como por exemplo ocorre no cemiterio de Pereiró, en Vigo, que tamén é un lugar de memoria".

A base de datos de *Nomes e Voces*, a disposición do público desde hai meses, reflectirá así en varios gráficos os lugares onde foron represaliadas 3.300 persoas dos máis de 4.200 falecidos, aínda que se trata dunha "cifra de mínimos", indica Dionisio Pereira, xa que o estudo só cubre o período entre 1936 e 1939 e "non se recontan os galegos mortos fóra de Galicia", engade. Máis alá dese abano temporal existen máis vítimas e fosas en campo aberto relacionadas coa guerrilla, que os investigadores non puideron estudar pola redución orzamentaria aplicada pola Xunta.

Dos 3.312 asasinados con enterramento coñecido, 85 permanecen en 20 fosas en campo aberto, e o resto, 3.227, están soterrados en 438 cemiterios espallados por toda a xeografía galega, o que arroxa unha media de 8 mortos por cemiterio.

Nas fosas, a media é de catro persoas por cada unha, aínda que no estudo non se teñen en conta as fosas nas que só se ten constancia que conteñen un único falecido. Agás na fosa das inmediacións do cemiterio de Mos, onde os asasinatos e os enterramentos se produciron en distintas fases, no resto das fosas foron debidos a un só *paseo*. Así, os datos indican que en Galicia existen poucas fosas fóra dos cemiterios e foron empregadas unha soa vez na maioría dos casos polos represores. Noutras zonas do Estado, como en Burgos, a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica escavou tres fosas nas que apareceron 87 persoas, máis que en toda Galicia.

> Publícase "unha cifra de mínimos", xa que non están todos, di Pereira

No referente ás fosas en campo aberto, algunhas permanecen sen exhumar, como as catro situadas en San Salvador de Budiño, no municipio pontevedrés do Porriño. Xudicializado o caso por Garzón, a Asociación Memoria Histórica do 36 de Ponteareas ten pendente as exhumacións e permanece a expensas do Xulgado de Primeira Instancia porriñés.

Con respecto aos cemiterios, hai constancia de fosas comúns con paseados nos camposantos de numerosos lugares como en Vilarraso, no municipio coruñés de Aranga. Os corpos dos 28 represaliados que alí xacen –uns 80 segundo outras fontes– están pendentes de ser desenterrados pola Comisión da Memoria Histórica da Coruña.

Ademais, en Galicia existiu unha forma particular de enterramento, o *fondeamento* no mar, xa que en moitos casos se tiraban os cadáveres á ría. ■